

1. Denominación do curso (nome do expediente): *Preparación obtención permiso de conducción C (Camión) + E (tráiler) con CAP inicial de mercadorías*
2. Contidos:
 - Esta acción comprende 130 horas teóricas presenciais para a preparación do CAP (do 5 de setembro ao 10 de outubro)
 - 12 clases prácticas de conducción de 45 minutos cada unha (incluídas as dos exames) 10 horas
 - 110 horas de formación para a preparación dos permisos C e E, (incluídas as de presentación aos exames oficiais): normas de circulación. Seguridade na conducción e permiso de conducir por puntos. Conducción, circulación e seguridade vial. Mecánica e mantemento preventivo básico. Regulación de transportes. Aplicacións informáticas para o traballo de condutor/a
 - Módulos transversais de sensibilización en igualdade de xénero (5 horas), medioambiental (5 horas) e de inserción laboral (10 horas)
 - Será de balde para o alumnado o pago das taxas de exames teóricos/pista e circulación para os carnés C e E e as taxas de expedición e exames teóricos do CAP inicial obrigadas por Tráfico (sen renovación, só unha convocatoria). E será por conta do alumnado o pago do psicotécnico e o requirido polo centro de exames.
3. Horas totais do curso: 250 + 20 horas de módulos adicionais
4. Lugar de celebración: Sede da Autoescola Anpidriver, na Gándara, rúa Concepción Arenal, 73, Narón.
5. Datas previstas do curso: Do 5 de setembro ao 17 de novembro de 2022
6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres. As clases prácticas de conducción do permiso correspondente serán na quenda de tarde.
7. Nº de prazas: 8

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado:
 - Maior de 21 anos, con permiso de conducción B, desempregado e empadroado no Concello de Narón. E ter superado o psicotécnico que corresponde.
 - Non estar admitido noutro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente con este curso.
 - Non haber tido unha avaliación negativa en cursos da programación municipal neste mesmo sector de actividade nos últimos 3 anos.
 - Non haber realizado o mesmo curso con avaliación positiva nos últimos 3 anos.
 - O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso.
 - O empadramento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes.
 - O requisito de desempregado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de demandante de emprego actualizada. E dispor do permiso B e do psicotécnico positivo, acreditarase tamén o día de inicio.

9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 1 de agosto de 2022, ás 8:30 horas, ata o 8 de agosto de 2022, ás 13:00 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse dentro do horario do Rexistro Xeral (8:30 – 13:00 horas).

11. Selección do alumnado Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.
12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación e Actividades Municipais da páxina web do Concello ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981-33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións:

- Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas.
- O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva.
- O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.
- O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso, incluída a normativa en materia de seguridade e hixiene.
- As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI, a tarxeta actualizada como demandante de emprego, o permiso B e o psicotécnico superado.
- De non acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.